EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DE APOIO

1.- Contesta brevemente as seguintes cuestións

- Como foi nos últimos anos a evolución da rede de comunicacións?
- En que áreas a difusión da rede foi máis rápida?
- En que áreas a difusión da rede foi máis lenta?
- Indica polo menos tres usos da rede de telecomunicacións que se realizan en fogares e empresas.
- Que acción se pretende na política de transporte con respecto ás rexións periféricas?
- Onde se localizan os servizos no territorio español?
- Existen portos de gran importancia no océano Atlántico e no mar Mediterráneo.

2.- Indica as solucións propostas para a solución dos seguintes trazos negativos do sistema de transporte español:

- As débiles comunicacións con Europa.
- O sistema de transportes afecta ao medio natural.
- Existencia de fortes desequilibrios territoriais.
- Rede de transportes radial.

3.- Sinala o trazo máis destacado de cada un dos seguintes tipos de transporte no relativo ao traslado de persoas e mercadorías. Razoa a resposta:

- Transporte por estrada
- Transporte ferroviario
- Transporte aéreo
- Transporte marítimo

RESPOSTAS

EXERCICIO 1

- A evolución da rede nos últimos anos ten un enorme crecemento
- A difusión das telecomunicacións foi máis rápida nas principais cidades e nas áreas mais desenvolvidas economicamente
- A difusión foi máis lenta nas zonas menos avanzadas economicamente

- Podemos destacar tres usos fundamentais na rede de telecomunicacións na empresa e no fogar, son o correo electrónico, o fax e o teléfono móbil.
- Con respecto ás rexións periféricas a política de transporte pretende mellorar as súas infraestruturas para favorecer a súa integración e, por tanto, a súa situación económica.
- NO estado español os servizos localízanse en función da súa especialización: os máis avanzados concéntranse nas áreas máis desenvolvidas economicamente, como Madrid e Barcelona, mentres que os que requiren de menor especialización (sociais ou ao consumo) localízanse preferentemente nas zonas con maior desenvolvemento turístico, aínda que aparecen, en xeral, dispersos por todo o territorio
- Existen portos de gran importancia no océano Atlántico e no mar Mediterráneo, debido a que son os máis activos do mundo e a que o estado español e Europa contan con importantes flotas mercantes.

EXERCICIO 2

- Para solucionar as débiles comunicacións con Europa estanse a construír estradas de gran capacidade e ferrocarrís de alta velocidade que pretenden unirse á rede europea.
- Para reducir o impacto do sistema de transportes sobre o medio ambiente é obrigatorio valorar o impacto ambiental dos proxectos de infraestruturas de transporte antes da súa construción, para poder corrixir os defectos.
- A existencia de fortes desequilibrios territoriais pretendese corrixir cunha política de transporte que dote de accesibilidade a todo o territorio.
- A rede de transportes radial estase a corrixir coa creación de eixes transversais complementarios (litoral mediterráneo, val do Ebro e litoral cantábrico).

EXERCICIO 3

- O transporte por estrada é o medio máis utilizado para o traslado de persoas e mercadorías dentro do territorio peninsular. É preferido para distancias curtas e medias polo súa flexibilidade e comunicación directa entre lugar de destino e de partida. Presenta inconvenientes, como a alta densidade de tráfico e a contaminación atmosférica.
- O transporte ferroviario é rendible nos trens de proximidades e nas liñas de alta velocidade par o desprazamento de persoas. É seguro e pouco contaminante.
- O transporte aéreo é o máis competitivo para o transporte internacional de persoas e mercadorías de pequeno tamaño. É rápido, seguro, non depende do medio físico, de elevado custo e con pouca capacidade de carga.
- O transporte marítimo utilízase para o tráfico de mercadorías pesadas e voluminosas. É contaminante e con perigo de accidentes.